

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS

SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

RESOLUCIÓN do 8 de xuño de 2017, da Dirección Xeral de Recursos Humanos, pola que se publica a relación definitiva das persoas aspirantes admitidas e excluídas, así como das exentas e non exentas do exercicio de lingua galega, e se nomean os tribunais cualificadores do concurso-oposición para o ingreso nas categorías de médico/a asistencial do 061, médico/a coordinador/a do 061 e médico/a de urxencias hospitalarias, convocado mediante a Resolución do 22 de decembro de 2016.

Mediante Resolución do 22 de decembro de 2016 desta dirección xeral (*Diario Oficial de Galicia* núm. 7, do 11 de xaneiro de 2017) convocouse concurso-oposición para o ingreso nas categorías de médico/a asistencial do 061, médico/a coordinador/a do 061 e médico/a de urxencias hospitalarias.

Por Resolución do 31 de marzo de 2017 (*Diario Oficial de Galicia* núm. 70, do 10 de abril) publicouse a relación provisional de aspirantes admitidos/as e excluídos/as, así como dos/das exentos/as e non exentos/as da realización do exercicio de lingua galega.

Na base sétima da resolución de convocatoria dispónse que os tribunais cualificadores do concurso-oposición serán nomeados pola autoridade convocante cunha antelación mínima dun mes ao día da data de realización das probas e para este efecto publicárase a oportuna resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

De conformidade coa antedita base e finalizado o prazo de emenda previsto no número 6.2 desta mesma resolución, este centro directivo, como órgano convocante do proceso,

RESOLVE:

Primeiro. Publicar, con carácter definitivo e por categoría, a relación das persoas aspirantes admitidas e excluídas, así como das exentas e non exentas da realización do exercicio de lingua galega, no concurso-oposición para o ingreso nas categorías de médico/a asistencial do 061, médico/a coordinador/a do 061 e médico/a de urxencias hospitalarias convocado mediante a Resolución do 22 de decembro de 2016.

Segundo. As listas coa relación definitiva de persoas aspirantes admitidas e excluídas, con indicación do motivo de exclusión, e as declaradas exentas e non exentas da realiza-



ción do exercicio de lingua galega, poderanse examinar na páxina web do Servizo Galego de Saúde (www.sergas.es).

Ademais, o estado de cada solicitude pode ser consultado polo/a solicitante no seu expediente electrónico persoal en Fides/expedient-e/sección de procesos.

Terceiro. Nomear os membros dos tribunais, titulares e suplentes, que xulgarán o proceso selectivo e que se relacionan, para cada categoría, no anexo desta resolución.

Cuarto. Declarar de aplicación a este proceso as normas de funcionamento e actuación dos tribunais e persoal colaborador negociadas e aprobadas na Mesa Sectorial de Sanidade, publicadas á disposición das persoas interesadas na páxina web do Servizo Galego de Saúde (www.sergas.es).

Quinto. De conformidade coa base 6.3 da Resolución do 22 de decembro de 2016, contra esta resolución as persoas interesadas poderán interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co disposto nos artigos 8.2 e 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Potestativamente, e con carácter previo, poderán interpoñer recurso de reposición, ante a Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde, no prazo dun mes contado desde a mesma data.

Santiago de Compostela, 8 de xuño de 2017

Margarita Prado Vaamonde
Directora xeral de Recursos Humanos

CVE-DOG: 4wzvzbc2-0oe8-sk30-ioz0-h5dz9ehqyt17





ANEXO

Médico/a asistencial 061			
Presidente/a titular	García Moure, Xoán Manuel	Persoal estatutario licenciado sanitario	Médico/a asistencial 061
Secretario/a titular	Montero Furelos, María José	Persoal estatutario de xestión e servizos	Grupo técnico da función administrativa
Vogal titular	Aboal Beato, Miguel Ángel	Persoal estatutario licenciado sanitario	Médico/a de familia
Vogal titular	García Estraviz, Carlos	Persoal estatutario licenciado sanitario	Médico/a asistencial 061
Vogal titular	Díez Lindin, Irene Oliva	Persoal estatutario licenciado sanitario	Médico/a de urxencias hospitalarias
Presidente/a suplente	Vázquez Lema, M. ^a Carmen	Persoal estatutario licenciado sanitario	Médico/a asistencial 061
Secretario/a suplente	Díaz López, Manuel	Persoal funcionario do corpo superior da Administración da Xunta de Galicia	
Vogal suplente	Redondo Martínez, María Elva	Persoal estatutario licenciado sanitario	Médico/a asistencial 061
Vogal suplente	González González, Carmen	Persoal estatutario licenciado sanitario	Médico/a de familia
Vogal suplente	Pichel Loureiro, Ángel	Persoal estatutario licenciado sanitario	Médico/a de urxencias hospitalarias
Médico/a coordinador /a 061			
Presidente/a titular	Rodríguez Rivera, Antonio	Persoal estatutario licenciado sanitario	Médico/a coordinador 061
Secretario/a titular	Díaz López, Manuel	Persoal funcionario do corpo superior da Administración da Xunta de Galicia	
Vogal titular	Cal Durán, María Victoria	Persoal estatutario licenciado sanitario	Médico/a de familia
Vogal titular	Lázaro Anguis, Juan Manuel	Persoal estatutario licenciado sanitario	Médico/a de urxencias hospitalarias
Vogal titular	Mirás Bello, Carlos David	Persoal estatutario licenciado sanitario	Médico/a coordinador 061
Presidente/a suplente	Dosil Díaz, Olga	Persoal estatutario licenciado sanitario	Médico/a coordinador 061
Secretario/a suplente	López Suárez, Alberto	Persoal estatutario de xestión e servizos	Grupo técnico da función administrativa
Vogal suplente	Rodríguez Bouza, M. ^a Hortensia	Persoal estatutario licenciado sanitario	Médico/a de urxencias hospitalarias
Vogal suplente	Maañón del Riego, Adriana	Persoal estatutario licenciado sanitario	Médico/a de familia
Vogal suplente	Díaz Jullien, Carlota	Persoal estatutario licenciado sanitario	Médico/a coordinador 061
Médico/a de urxencias hospitalarias			
Presidente/a titular	Carracedo García, Ana M. ^a	Persoal estatutario licenciado sanitario	Médico/a de urxencias hospitalarias
Secretario/a titular	Díaz López, Manuel	Persoal funcionario do corpo superior da Administración da Xunta de Galicia	
Vogal titular	Bermúdez González, Miguel	Persoal estatutario licenciado sanitario	Médico/a de urxencias hospitalarias





CVE-DOG: 4wzvzbc2-0oe8-sk30-ioz0-h5dz9ehqytI7

Vogal titular	Regueiro Corbillón, Luis Antonio	Persoal estatutario licenciado sanitario	Médico/a de urxencias hospitalarias
Vogal titular	Pérez Fernández, Estrella	Persoal estatutario licenciado sanitario	Médico/a de urxencias hospitalarias
Presidente/a suplente	Pichel Loureiro, Ángel	Persoal estatutario licenciado sanitario	Médico/a de urxencias hospitalarias
Secretario/a suplente	López Suárez, Alberto	Persoal estatutario de xestión e servizos	
Vogal suplente	Leal Barcia, Rafael	Persoal estatutario licenciado sanitario	Médico/a de urxencias hospitalarias
Vogal suplente	Castro Romero, Benito	Persoal estatutario licenciado sanitario	Médico/a de urxencias hospitalarias
Vogal suplente	Rodríguez Quintana, María Esther	Persoal estatutario licenciado sanitario	Médico/a de urxencias hospitalarias

